



## Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
BARRIOS HISTÓRICOS

Praza de El-Rei, s/n - 36202 VIGO

EXPEDIENTE: 3091 /426  
ASUNTO: OLIVA, 2-4 E PALMA, 4  
SITUACIÓN: OLIVA, 2-4 E PALMA, 4  
NUM. SAÍDA: 8804-2014

ASOCIACION AMIGOS DE LOS PAZOS

R/ VELAZQUEZ MORENO, 29 - 2º (GALERIAS  
DURAN)  
36201 VIGO

En relación ao seu escrito con entrada no Rexistro desta Xerencia municipal de urbanismo o día 11 de xuño de 2014, doc. 140073018, formulan dúas cuestións:

- En primeiro lugar, refírense ao inmovible situado no número 2 da rúa Oliva, propiedade da entidade mercantil Inversiones Carisán, S.L., que ten en trámite unha solicitude de rehabilitación da citada edificación, expediente 63013/421, e de derruba parcial e movemento de terras para escavación arqueolóxica, expediente 74778/421. Estes dous procedementos de outorgamento de licenza están paralizados e pendentes de que a promotora presente a documentación que se lle require para continuar o procedemento.

Así mesmo, e á vista do perigo que supón o estado actual da edificación, ordenouse á interesada que procedese a adoptar unha serie de medidas urxentes de seguridade no prazo dunha semana, con apercibimento de que, de non cumprimentar a citada orde procederíase por esta Administración municipal á execución forzosa prevista nos artigos 95 e 96 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ben en forma subsidiaria por esta Administración municipal á custa da interesada, esixíndolle o importe dos gastos, danos e prexuízos conforme ao procedemento de constrinximento, ou mediante a imposición de multas coercitivas de 300,00 a 6.000,00 euros, reiterables ata lograr a execución das medidas urxentes de seguridade ordenadas. Todo o anterior sen prexuízo de esixir perante os Tribunais da orde penal as correspondentes responsabilidades por delito de desobediencia, tipificado no artigo 556 do Código penal, expediente 2237/426.

Ante o incumprimento da orde de adopción das medidas urxentes ordenadas, por resolución do 19 de novembro de 2013 imponse á propiedade unha multa coercitiva en contía de 5.500 euros, multa que se reiterará ante o incumprimento do ordenado.

Por outra parte, a prensa rexional, con data 1 de maio de 2014, recolle que este inmovible subhastarase para executar unha débeda hipotecaria, polo que na actualidade descoñécese a súa titularidade.

- O segundo tema do seu escrito refírese á denominación do inmovible situado na rúa Palma, 4, de titularidade autonómica e na actualidade sede do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Este edificio inclúese no ámbito



**Concello de Vigo**

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
BARRIOS HISTÓRICOS

Praza de El-Rei, s/n - 36202 VIGO

EXPEDIENTE: 3091 /426  
ASUNTO: OLIVA, 2-4 E PALMA, 4  
SITUACIÓN: OLIVA, 2-4 E PALMA, 4

NUM. SAÍDA: 8804-2014

do PEPRI Casco Vello con protección ambiental, se ben na súa ficha non figura con nomeamento concreto.

A denominación dos inmobles non é unha cuestión municipal, suxeita a procedemento administrativo, senón que adoita ser costume dos rexistradores da propiedade, que sinalan certas edificacións singulares ben pola titularidades destes ou ben polo arquitecto autor do proxecto de edificación.

MR/Ac

Vigo, 20 de xuño de 2014

A vicepresidenta da Xerencia municipal de urbanismo,

María del Carmen Silva Rego

